

## ACTA NÚM. 1 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DA SELECCIÓN PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL TÉCNICO DE ATENCIÓN A MUSEOS E CENTROS DE INTERPRETACIÓN (PTMECI)

Proceso selectivo: LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL TÉCNICO DE ATENCIÓN A MUSEOS E CENTROS DE INTERPRETACIÓN (PTMECI)

No centro Sociocultural do Auditorio de Rianxo, ás 10:15 h do día 10/12/2021, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a elaboración dunha LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL TÉCNICO DE ATENCIÓN A MUSEOS E CENTROS DE INTERPRETACIÓN (PTMECI) DE RIANXO segundo as bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 731/2021, do día 01/09/2021 e tribunal aprobado pola Resolución da Alcaldía núm. 881/2021 do 21/10/2021, coa seguinte composición:

Presidente: Enrique Manuel López González, técnico medio de actividades municipal (II)

Vocal: M<sup>a</sup> José Fungueiriño Tubío, AEDL municipal (I)

Vocal: M<sup>a</sup> Uxía Cespón Ordóñez, animadora cultural municipal (II)

Secretaria: Vicenta Avelina Campaña Martínez, auxiliar administrativa municipal (C2)

O Presidente declara constituído o Tribunal e dá conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: o día 03 de setembro de 2021 publicouse no Boletín Oficial da Provincia a convocatoria para a elaboración da antedita bolsa de contratación temporal; ese mesmo día publícase esta convocatoria tamén nos dous diarios de maior difusión da Comarca.

Segundo: o prazo para a presentación de candidaturas foi de cinco días hábiles tal e como establecen as bases.

Terceiro: o tribunal da conta do establecido nas bases ao respecto da fase de oposición e indica que terá carácter eliminatorio e, para superala, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista nela.

Cuarto: o día 21/10/2021 a Alcaldía aprobou, mediante a Resolución núm. 881/2021, as listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas correspondentes ao proceso de selección; o día 28/11/2021 a Alcaldía aprobou, mediante a Resolución núm. 1001/2021, as listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas correspondentes ao proceso de selección e convocáronse para que acudiran o día 10 de decembro ás 10:00 horas, ao Centro Sociocultural – Auditorio de Rianxo, para realizar as probas escritas contempladas no proceso de selección.

Ás 10:00 h, realízase o control de asistencia ás probas escritas e o acceso á sala na que se vai realizar. Unha vez dentro explícaselles ás persoas aspirantes como se vai desenvolver o exame. Preséntanse 18 persoas aspirantes e quedan excluídas do proceso as persoas non presentadas.

Acórdase a petición dunha persoa aspirante e por todas as persoas presentes, que o descanso entre as probas sexa unicamente de 10 minutos no canto dos 30 establecidos nas bases.

Ás 10:20 horas iníciase a primeira proba escrita que rematará ás 11:00 h.

A aspirante M<sup>a</sup> Vanesa Mariño Calvo xustifica que ten que acudir ao Centro médico de Rianxo ás 11:00 horas e, debido a iso, solicita que se lle entregue a segunda proba escrita cando remata, ás 10:41, a primeira. Están de acordo todas as persoas presentes.

Así, ás 10:44 h, entrégaselle a 2<sup>a</sup> proba escrita que remata ás 10:49 h.

Ás 11:00 h remata a proba para o resto de aspirantes e recóllense os documentos coas respostas.

Ás 11:08 h repártese a 2<sup>a</sup> proba que comenza ás 11:10 h. As persoas aspirantes poden ir abandonando a sala no momento en que rematan a proba. A proba remata ás 11:50 h.

Ao remate da proba, o Tribunal trasládase ás dependencias da Casa do Concello e inicia as correccións dos exames ás 12:30 horas; estas correccións rematan ás 14:45 horas.

Os resultados obtidos son os seguintes:

NÚM. ORDE	APELIDOS E NOME	PROBA TEÓRICA	PROBA PRÁCTICA	TOTAL	APTO/A
1	Abuín Saborido, Natividad	0,83	1,90	2,73	NON
2	Alonso Rodríguez Paula	2,63	2,40	5,03	SI
3	Blanco Martínez, Irene	1,95	2,50	4,45	NON
4	Campaña Batalla, M <sup>a</sup> Celeste	1,65	2,15	3,80	NON
5	Cornado Rodríguez, Lucía	3,38	3,75	7,13	SI
6	Garrido Silva, Mónica María	3,15	3,50	6,65	SI
7	Lago Somoza, Vanesa	3,15	2,90	6,05	SI
8	Laiño Piñeiro, Alejandro	3,90	4,00	7,90	SI
9	Mariño Calvo, María Vanesa	0,68	1,40	2,08	NON
10	Menéndez Muñoz, Electra	0,45	1,15	1,60	NON
11	Ordóñez Agrafojo Raquel	1,80	3,80	5,60	SI
12	Ordóñez Triñanes, Cristina	2,25	3,75	6,00	SI
13	Ramos Fungueiriño, Iria	1,13	1,00	2,13	NON
14	Romero Rey, Cristina	2,40	2,90	5,30	SI
15	Roo Vazquez, Beatriz	1,58	2,10	3,68	NON
16	Sóñora González, Francisco	4,50	3,25	7,75	SI
17	Suárez Regades, Raquel	1,73	1,85	3,58	NON
18	Varela Montes, Ana María	1,50	3,00	4,50	NON

As persoas cualificadas como non aptas quedan excluídas do proceso neste momento.

O tribunal decide volver a reunirse o día 14/12/2021, ás 09:30 horas para facer as valoracións da documentación achegada para o concurso polas persoas aspirantes que superaron a fase da oposición.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 14:55 h, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será asinada polos membros do Tribunal.